

Desde sempre, a relación do lobo co ser humano estivo marcada polo medo e pola superstición, creándose toda unha serie de lendas, mitos, contos, refráns, cantigas e adiviñas. Esa teima cara o lobo está marcada polo feito de que este depredador intelixente, sempre que tivo ocasión, non desperdiciou a oportunidade de botarlle o dente a unha ovella, unha cabra ou un xato.



Toda a maquinaria da tradición popular encargouse de crear lendas e construír mitos, que fixeron do lobo unha das bestas máis temibles ás que se podía enfrontar o ser humano. Por iso, para non nomealo directamente (pois enténdese que dicir o seu nome equivale a chamalo) utilizáronse diferentes expresións para referirse a el, tales como "o aquel", "o outro", "o becho", "o da boca rachada", "o fillo do demo", "o compadre" ou "o tío Pedro" entre moitas outras.

Na literatura popular son moi abundantes as lendas, contos e historias relacionadas co lobo. Un exemplo témolo na figura mítica do lobishome, chea de referencias tanto na tradición oral coma na escrita. Era común pensar que se nunha familia había sete ou nove fillos varóns seguidos, o último se convertería en lobishome.

Tamén podemos observar a importancia do lobo na literatura popular na grande cantidade de frases feitas, expresións e refráns en que se alude a este animal e as súas características míticas:

### **Expresións e frases feitas:**

- *Atenazar coma un lobo.*
- *Aular o vento coma un lobo.*
- *Coma a ovella na boca do lobo:* "plenamente derrotado, vencido de vez", "de pouca duración".
- *Comer coma un lobo.*
- *Como a cabra que pariu para o lobo:* dise daquela persoa que ampara ao que lle fai dano.
- *Como lobo no inverno e como cobra no verán:* irritado e agresivo, porque nesas épocas é cando máis irritados e agresivos están estes animais.
- *Entre can e lobo:* "entre lusco e fusco".
- *Esfameado como un lobo.*
- *Fero como un lobo.*
- *Fuxir coma un can perdigueiro cando venta o lobo.*
- *Lobos te coman!:* maldición.
- *Lobos da mesma camada:* persoas perversas que teñen intereses comúns, e, polo tanto, nunca se farán dano unhas ás outras.

- *Como boca de lobo*: moi escura, noite pecha.
- *Saír ó camiño do lobo, como o curcio tolo*: realizar un acto manifestamente temerario.

(O curcio é a cría da cabra)

- *Verlle as orellas ao lobo*: estar ás portas dun perigo.
- *Sáirlle o lobo ao camiño*: atoparse de súpeto nun grave perigo.
- *Seica viches o lobo!*: para indicar que un está rouco.
- *Ter peito coma un lobo*: ser moi valente .
- *Ter unha loba*: ter pouca gana de traballar, ter preguiza.
- *Traballar coma un lobo*: non traballar.
- *Ver o lobo*: asustarse, sorprenderse

### Refráns:

---

- *Avisade o lobo e deixade o gando só.*
- *Cando co fato anda o dono, nin dá o teo nin vén o lobo.*
- *Come o lobo de toda a carne, menos da súa, que a lambe.*
- *Da conta que saca o pegureiro, o lobo sábello o erro.*
- *En terra de lobos ouvear coma todos.*
- *Non só o lobo come carne crúa.*
- *Vaca de moitos, cómena os lobos.*

Tamén na toponimia o lobo deixou a súa importante pegada, pois temos unha morea de nomes de lugar que fan referencia a el. É o caso de *Fonte do Lobo* ou *Serra do Lobo* (ou dous na provincia de Lugo), *Rabo de Lobo* (na Coruña), *Lobeira* (en Pontevedra), e *Lobelle* (en Ourense), entre outros moitos.

O lobo tamén aparece reflectido no uso de amuletos ou talismáns. Na nosa tradición empregábase o dente de lobo como símbolo de protección fronte ao animal. Lembremos que antes a maioría da xente, para desprazarse dun lugar a outro, ía a pé ou en montura, cruzando, en moitos casos, serras xa de noite polo que o medo era un compañeiro habitual das camiñadas.

Outra pegada do lobo na nosa cultura popular é a que está conectada co enxeño popular. Nas súas arelas de vinganza, o ser humano ideou unha morea de aparellos para darlle caza. Era moi habitual que nas aldeas, cando se cazaba un lobo, os cazadores percorresen as casas para seren recompensados pola veciñanza, pois foran liberados dunha terrible ameaza. Os elementos máis significativos e que, nalgúns casos, seguen formando parte da nosa paisaxe, son os foxos. Este tipo de trampas construíanse nun terreo con desnivel para conducir o lobo cara un burato no que era atrapado e posteriormente sacrificado. O topónimo *Foxo* aparece en moitos lugares no noso país e indica que alí houbo nalgún momento unha trampa para cazar lobos.

Tamén na nosa literatura culta e escrita aparece en moitas ocasións o tema do lobo, tratado como animal mítico, poderoso e terrorífico. Así o viu Ánxel Fole no relato titulado "Os lobos". Neste conto, como acontece nas supersticións populares, os lobos encarnan o poder maligno, de

noite médralles o corazón e vólvense moi valentes, capaces de aterrorizar os seres humanos, até que caen mortos de medo, espaventados polo "arreguizo astral".

Sabedes cando se atreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso case nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando atopan un home só pola serra, póñense a traballalo. Teñen moito instinto. Xa veredes como o traballan. De primeiro, acompañano; despois, poñénselle diante; máis tarde, chéganlle a zorregar as pernas cos rabos. Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran alambres na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba del e esnaquízano.

Sobre o arreguizo astral tamén falou Vicente Risco, no seu relato "O lobo da xente", en que trata o tema do lobishome:

O certo é que o lobo é cousa de temer. Ningunha outra fera arrepía os homes como o lobo. El algo ten... O lobo ten ollar magnético; os seus ollos reluman coma brasas de noite: na noite pecha, sen estrelas, pode un ter a carón seu o sinistro paseante nocturno, e non verlle o vulto; mais as dúas flamiñas acesas dos seus ollos anuncian que alí está. É un ollar que traspasa a un coma unha espada, e detén o sangue nas veas, e deixa a un coma a neve... Non cómpre tan sequera velo: abonda sentilo ouvear medoñento para que lle pase a un por todo o corpo o arreguizo astral, igual ao que se sente cando un atopa unha ánima en pena ou cando lle dan unha labazada no medio da noite silandeira unhas mans invisibles.

Outro autor que se achegou na súa obra, neste caso poética, ao tema mítico do lobo foi Uxío Novoneyra, o poeta do Courel.

Cousos do lobo!  
Caborcos do xabarín!  
Eidos solos  
onde ninguén foi nin ha d'ir!  
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!  
Baixa o lobo polo ollo do bosco  
movendo nas flairas dos teixos  
ruxindo na folla dos carreiros  
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexa  
parase e venta  
finca a pouta ergue a testa e oula  
con toda a sombra da noite na boca...

O poema é unha mostra da fonda preocupación de Novoneyra pola forma poética e polo xogo coa linguaxe. Unha preocupación que se materializa no maxistral uso do fonosimbolismo (evocación de sensacións, sentimentos e realidades a través da expresividade dos fonemas). «O lobo! Os ollos o lombo do lobo!», un verso monvocálico con «o» pechado (o, lobo, ollos, lombo) que busca expresar escuridade, medo e sobre todo, como o propio Novoneyra recoñeceu, soidade: a soidade do lobo nas terras do Courel.

